



Teo

Pleno Ordinario Xaneiro 2006

MOCIÓN DE APOIO AOS COLECTIVOS VECIÑAIS AFECTADOS POLA VARIANTE A C-841

- Tendo en conta que esta Corporación adoptou en varias ocasións acordos plenarios en apoio aos colectivos veciñais afectados pola coñecida como “Variante de Cacheiras”.
- Valorando, que nos devanditos acordos (adoptados todos por unanimidade) figuraban a solicitude a Consellería en varias ocasións dun trazado que tivese un menor impacto nos núcleos tradicionais e asimesmo no derradeiro pronunciamento un xustipago nas expropiacións dos terreos.
- Sendo conscientes dende o Grupo Municipal do B.N.G que a Consellería aceptou a través do anterior Director Xeral de Obras Públicas unha modificación do prezo no pago das expropiacións e asumiu o compromiso de introducir determinadas variantes técnicas ao trazado para aminorar o impacto.
- Recollendo o malestar veciñal e deste Grupo Municipal polo anuncio do novo equipo da Consellería de que ao non existir un acordo por escrito co anterior equipo non se ten previsto respectar a revisión do pago das expropiacións e as modificacións técnicas do trazado (que puxeron fin as mobilizacións veciñais).

O Grupo Municipal do BNG propón a adopción do seguinte acordo:

- 1. Ratificarnos nos acordos previos deste Corporación no que atinxe a Variante de Cacheiras tanto en materia de xustipagos polas expropiacións como na solicitude de variacións técnicas que provoquen un menor impacto do trazado.**
- 2. Trasladar a Consellería a necesidade de respectar os acordos adoptados entre os veciños e o anterior equipo en materia de indemnizacións e variacións técnicas, acordos feitos públicos en diversos medios que serviron para poñer fin as mobilizacións veciñais e a unha situación de clara inxustiza.**

En Teo a 17 de Xaneiro do 2006

**Asdo Martiño Noriega
Ptavoz B.N.G Teo**